

# ***NORMAS PARA OS/AS ALUMNOS/AS DE COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES***

1. Considérase horario de comedor escolar de: 14:00 a 16:00 horas nos meses de setembro a xuño ambos os incluídos.
2. Durante ese tempo non se pode permanecer nas clases. Tampouco se pode abandonar o Centro.
3. Para ausentarse do colexio en horario de comedor os/as alumnos/as deberán ser recollidos por unha persoa responsable, coa autorización correspondente.
4. Os/as alumnos/as chegarán ao comedor con puntualidade, sen gritar e sen correr, baixando as escaleiras ordenadamente xunto ao seu monitor/a.
5. Como medida de hixiene, os/as alumnos/as lavaranse as mans antes de comer. Tamén poden lavarse os dentes, se son capaces de facelos sós/as.
6. Para favorecer as relacións entre o alumnado e a orde nas entradas, o lugar que ocupen os/as alumnos/as no comedor é fixo e só se cambiará cando o/a responsable do comedor así o indique. Non poderá levantarse da mesa sen permiso dos/as monitores/as vixiantes.
7. No comedor escolar actuarase con educación e respectando aos demais, mantendo un ton de voz moderado e comendo a comida que lles sexa servida. En caso de inapetencia continuada ou con problemas de conduta, informarase semanalmente ás familias. Non se contemplarán as preferencias persoais. Respectaranse aqueles casos de alerxias ou intolerancias alimentarias dos/as alumnos/as que presentasen certificado médico ao ANPA.
8. Cada alumno/a (da segunda quenda desde 3º a 6º de primaria), ao terminar para comer, deixará o seu sitio recolleito e só abandonará o comedor con permiso das persoas responsables do comedor.
9. Non se pode sacar do comedor ningún tipo de comida: pan, froita... nin enxoval.
10. Á zona de cociña e almacén só poden pasar as persoas autorizadas.

11. Respetaranse e obedecerán as decisións das persoas encargadas do comedor. Calquera incidencia que sucedese no horario de comedor deberá comunicarse aos encargados de comedor e posteriormente á Dirección do ANPA.

12. Nos días de choiva e frío, os/as alumnos/as permanecerán nos espazos fixados, utilizando xogos de mesa e vídeos.

13. Cando un/a alumno/a actúe de forma irregular ou incumpra as normas establecidas de comedor, aplicarase o Plan de Convivencia do centro.

14. A todos os/as alumnos/as entregaráselles unha folla coas normas de comedor e mensualmente o menú do mes correspondente publicarase na web, e aplicación do ANPA.

15. As baixas do comedor comunicaranse ao ANPA antes das 9.30h mediante os seguintes medios: no local do ANPA, correo electrónico, chamada, WhatsApp ou app.

16. Cando un/a alumno/a falte ao comedor inxustificadamente durante 2 días consecutivos ou 4 discontinuos nun mes supoñen a perda da subvención de FOANPAS para o resto do curso. No caso dos/as bolseiros/as ausencia inxustificada de 4 días continuados ou 3 alternos nun período dun mes leva á perda da bolsa como se establece nas bases das propias axudas.

17. O pago das mensualidades realizarase mediante domiciliación bancaria.

18. No caso de que un recibo sexa devolto, cargarase na conta do alumno/a 3€ ao seguinte mes, polos gastos orixinados.

19. O servizo do comedor realízase a través da empresa ARUME que elaborará a comida nas cociñas das que dispón. O menú esta revisado por unha nutricionista.

## ***Tipificación e corrección das faltas***

*A corrección das faltas é para todas*

### **Faltas leves**

Dar voces e correr pola comedor	Amoestación verbal do/a monitor/a
Desobedecer aos/as monitores/as	Amoestación por escrito no parte diario de incidencias
Molestar aos/as compañeiros/as mentres comen	Comparecer diante do/a representante do ANPA
Permanecer mal sentado ou xogando coa cadeira	Realizar tarefas específicas no horario de comedor
Ensuciar o comedor ou os servizos	Separación temporal da súa mesa
Negativa a realizar as actividades sinaladas polos/as monitores/as	Suspensión do dereito para participar nos xogos ou actividades de lecer
Actos de desconsideración aos/as monitores/as	Penalización na puntuación de acceso ao comedor o curso seguinte
Agresión físicas ou morais de carácter leve	
Causar pequenos danos	

### **Graves:**

Reiteración de faltas leves	Amoestación por escrito e comunicación á familia, e a dirección
Desobediencia aos/as monitoras	Separación permanente do grupo
Saír ao patio sen permiso do /a monitor/a	Comer separado/a días lectivos consecutivos
Levantarse do seu sitio sen ningunha causa xustificada molestando intencionadamente tanto aos seus	Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou no comedor por un período mínimo de 3

compañeiros/as como aos/as monitores/as	días lectivos e máximo 5 días lectivos non consecutivos
Deteriorar á mantenta o material ou as instalacións	Penalización na puntualización de acceso ao comedor o curso seguinte
Tirar intencionadamente comida ao chan ou aos seus compañeiros/as	Proposta de retirar a bolsa de comedor escolar
Agresión físicas, psíquicas ou morais	
Actos de indisciplina grave, injurias, burlas, ofensas, ameazas, coacción,...	
Incumplimento das correccións impostas	
Actos inxustificados que perturben gravemente o tempo de comedor	
Apropiación indebida de material tanto do centro como dos seus compañeiros/as	

### **Moi graves**

3 faltas graves nun mesmo mes	Suspensión ao dereito de asistencia durante un período de 30 días lectivos consecutivos
Danos moi graves do comedor e da material	Penalización na puntualización de acceso ao comedor o curso seguinte
Actos inxustificados que perturben moi gravemente no comedor, as actividades extraescolares ou o tempo para comer antes e despois	Expulsión do comedor ou das actividades extraescolares no curso escolar de referencia

## ***Quen impón as correccións?***

As faltas leves:

- O/a monitor/a quen deixará constancia documental no parte de incidencias do ANPA, tanto do incidente como da corrección imposta.
- Se a conduta é reiterada no mesmo día, comunicáraselle á representante do ANPA, quen impondrá outra corrección e deixará constancia documental.
- Se houberse unha nova reincidencia será o/a presidente/a quen, recibido os informes escritos procederá e impondrá unha nova sanción e se fose preciso unha cuarta.
- Se aínda así non se corrixe a conduta ou o comportamento pasaría a considerarse unha falta grave.
- Toda conduta tipificada como leve e as súas correccións prescribirán nun prazo de 10 días naturais.

Faltas Graves:

- Incoación de procedemento disciplinario no que se nomeará un/a instrutor/a e un secretario (membros da Xunta Directiva do ANPA)
- Toda conduta tipificada como grave e as súas correccións prescribirán nun prazo de 30 días naturais.
- Comunicaranse tanto a falta como a sanción á Dirección do centro canto antes, e o representante/a de o ANPA no Consello Escolar informará das mesmas no próximo Consello Escolar

Faltas moi graves:

- Xunta Directiva do ANPA impondrá a sanción aplicable a @dicha falta
- No caso de que o alumno/a sexa bolseiro comunicáraselle a servizos sociais do Concello
- Reuniranse a xunta Directiva do ANPA xunto co/a alumnos/a e a familia

- Toda conduta tipificada como moi graves e as súas correccións prescribirán nun prazo de 60 días naturais.

## ***Notas:***

- O regulamento de comedor e actividades extraescolares aprobouse en asemblea ordinaria de socios/as
- Para mellorar o servizo de comedor e actividades extraescolares cremos na total transparencia das normas, as faltas e as correccións, polo que este regulamento está dispoñible na nosa páxina web.
- Se algunha familia, alumno/a ten algunha queixa ou ideas de melloras sempre ten aberta a porta do ANPA e todos os medios de comunicación dos que dispón o ANPA
- Gústanos oír as cousas boas que facemos pero tamén nos gusta oír as queixas e suxestións xa que cremos que é a única maneira de mellorar.